

SOBRE O VIÑO E OUTRAS COUSAS

O viño é a razón de ser da nosa festa (e doutras máis). Como é costume, celebramos a exaltación deste produto o segundo domingo de abril porque é típico da nosa zona. Xa levamos 30 anos celebrando esta festa, aínda que cada ano é diferente do anterior (a comisión de festas está formada por xente distinta, hai festeiros novos, a aparencia da festa cambia, etc.). Sen embargo, o espírito da festa permanece intacto, a pesares das distintas aparencias da festa e en especial do campo da festa, a intención da exaltación é sempre a mesma: dar a coñecer o noso viño e pasalo ben.

O tempo pasa moi axiña pero xa van alá 30 anos de dedicación da parroquia á celebración deste evento. Creo que entre todos/as fixemos sempre un bo traballo, froito da unión que nos caracterizou sempre a esta parroquia e dos intereses comúns que nos movían. Esperamos que isto siga sendo así e que sigamos traballando xuntos, tirando todos/as na mesma dirección para que isto siga adiante moitos anos máis.

Pero a miña intención era falar sobre o viño, principalmente, e tamén sobre a xente que o elabora, porque sen esta xente non habería viño. Dende aquí quero mandar un saúdo para todos eses paisanos/as, para que sigan a facer o viño así e non se perda a tradición. Non me estou referindo ás grandes bodegas, elas tamén teñen un papel importante na promoción do noso viño, evidentemente; pero eu quero render homenaxe a eses avós, que coma o meu, fan o viño á antiga usanza, nas súas casas, vendimando e apañando os vagos que caen ó chan coma se dun tesouro se tratase, porque "de vagos fixo unha vella un moio de viño", como me dicía a min o meu querido avó cando eu era demasiado cativa coma para vendimar da viña (por aquel entón, a labor dos nenos/as era apañar os vagos que lles caían ó chan ós que estaban vendimando, aínda que eu sempre crín que era máis ben un xeito de manternos entretidos/as para que non lles comeramos moitas uvas); estrugando as uvas no lagar ou esmagándoas cos pés, etc. Todas estas cousas son as que fan do viño algo tan especial para nós. Todo o seu proceso de elaboración forma parte da nosa tradición, do que somos. Todos temos maravillosos recordos relacionados co viño ou coa vendima.

O ser humano leva uns 6.000 anos facendo viño e considerándoo un pracer par o padal e tamén un elemento beneficioso para a saúde. Son moitas as propiedades que ten o viño que nos axudan a mellorar a nosa saúde, sempre e cando non nos excedamos no seu consumo, claro está: o viño ten moito ferro, calcio, ácido fólico, vitaminas A e C e antioxidantes, entre outros elementos necesarios para o noso

organismo. Luis Pasteur (químico francés) xa dicía que o viño era unha das bebidas máis sa e hixiénica. En tódalas casas das aldeas coñecen algún remedio caseiro referido ó viño ou á vide (por exemplo: para curar os sabañóns das mans, din que é moi bo ferver as follas da viña en auga e meter as mans nesa auga cando estea algo morna, o suficiente para aguantar o calor sen queimarse). O viño está presente na Biblia (ata Moisés tiña viña), na mitoloxía grega e romana (todos coñecemos a Baco, o deus do viño), está moi presente no refraneiro galego e español (hai múltiples refráns sobre o viño), no cine (películas como "Sempre Xonxa" e outras moitas mostran a vendima e outras actividades relacionadas co viño), na música (cantas cancións non hai que mencionen esta bebida?), nos grandes actos (sempre facemos un brindado nas ocasións especiais), etc., etc. Todo isto non fai máis ca probar a importancia deste produto en diversos ámbitos da nosa vida.

Vouno deixar aquí porque non quero esaxerar, non vaia ser que me pase como dicía Cervantes na súa gran obra "Don Quijote": "tanto alababa el vino que lo ponía por las nubes, aunque no se atrevía a dejarlo mucho en ellas porque no se aguase". vou deixar de poñer o viño polas nubes e pasalo á bota, ás botas da festa do viño para que todos/as o poidades degustar libremente na nosa romaría.

Araceli García Fuentes